



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
6605/2018	A Xunta de Goberno Local

LUCIA ARTIME ALONSO, EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 17 de decembro de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 6605/2018. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓNS DE INTERESE QUE REXEN NA SELECCIÓN DAS OPERACIÓNS EDUSI "A ESTRADA SOCIAL E SUBSTENTABLE 2020 (AESS2020)"

Vista a proposta do Concelleiro delegado D. Miguel Óscar Rancaño Brañanova de data 10/12/2018, en relación ao asunto que se trata de seguido, actuando en exercicio das competencias delegadas por Decreto da Alcaldía nº 2018-0859, de 17 de xullo, para o exercicio da función de selección de operacións no marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI), delegada ao Concello da Estrada como Organismo Intermedio Lixeiro.

Visto que o Pleno da Corporación, na sesión celebrada o 11 de xaneiro de 2015, aprobou o documento de "Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) "A Estrada Social e Sostíbel 2020" (AESS2020) redactado para definir una estratexia integrada de cidade de carácter flexible totalmente adaptada a realidade territorial e a la estrutura institucional e de gobernanza de A Estrada.

Visto que, con data 14 de decembro de 2016, publicouse no BOE a resolución definitiva de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciados mediante o POCS FEDER 2014-2020

Concello da Estrada



efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, resultando seleccionada a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrada formulada polo Concello da Estrada, chamada A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020), cunha axuda de 5.000.000 euros, que permitirá a posta en marcha de actuacións de rexeneración urbana mediante un enfoque integrado que contempla aspectos económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais.

Visto que, no desenvolvemento das atribucións asignadas á Entidade DUSI como Organismo Intermedio Lixeiro das axudas do POCS do FEDER, o Concello de A Estrada elaborou un Manual co obxecto de recoller os Procedementos establecidos para a realización das funcións delegadas pola Autoridade de Xestión no referente ás Actuacións cofinanciadas polo POCS FEDER no período de programación 2014 - 2020 dentro da súa Estratexia DUSI "A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)".

Visto que este manual é destinado a todos os axentes do Concello que interveñen na xestión dos Fondos FEDER da EDUSI, e é de obrigado cumprimento para os compoñentes da Unidade de Xestión (UG) encargada das funcións delegadas pola Autoridade de Xestión (Selección de Operacións. O manual de selección de operacións pode consultarse na web do proxecto: <http://aess2020.gal/>

Visto que o 11 de outubro de 2017, no marco da reunión celebrada no seno da Unidade de Xestión, como organismo de selección de operacións creado especificamente no marco da EDUSI para o exercicio da función delegada de selección de operacións e que ten a obriga de facer pública a convocatoria de solicitude de financiamento de operacións no marco da EDUSI, para que calquera Beneficiario (Unidade Executora) presente unha solicitude de financiamento para unha operación mediante a correspondente Expresión de Interese, acorda aprobar as bases que rexerán na convocatoria para a presentación das expresións de interese no marco da EDUSI AES2020-A Estrada Social e Sostible 2020 e a súa difusión a través da páxina web do proxecto (<http://aess2020.gal/>) para coñecemento das Unidades Executoras do concello da Estrada.

Visto que o 13 de outubro de 2017, a través do correo electrónico da Unidade de Xestión da EDUSI (unidad.gestion.edusi@aestrada.gal), comunicouse ás Unidades



Executoras a apertura oficial da convocatoria pública para a presentación de expresións de interese no marco da Estratexia DUSI " AES2020" así como o acceso a información relacionada coa EDUSI e fondos FEDER e a documentación asociada ao procedemento de presentación de expresións de interese.

Visto que, acorde ás instrucións recibidas na xornada celebrada o 08/11/18 no Ministerio de Facenda sobre o "Procedemento de Selección de Operacións", incluíuse no manual de seleccións de operacións un hito relativo a elaboración dun informe de subvencionabilidade provisional no procedemento de avaliación, selección e aprobación de operacións.

Visto que o nomeado informe de subvencionabilidade xa estaba recollido no manual de selección de operacións, si ben, tiña carácter definitivo dende o momento da súa emisión.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

Aprobar a actualización das Bases da Convocatoria de Expresións de Interese que rexen na selección das operacións da EDUSI "A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)", en base ás modificacións realizadas no manual de selección de operacións.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233